

ACTA DA REUNIÓN TELEMÁTICA ORDINARIA DA COMISIÓN ACADÉMICA INTERUNIVERSITARIA DO PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN CIENCIA E TECNOLOXÍA QUÍMICA

Lugar: Reunión telemática mediante a aplicación MS Teams.

Data e hora: 16 de xullo de 2024, 10:00 horas.

Asistentes:

Pola USC:

Rodil Rodríguez María del Rosario (USC), Presidenta da comisión e Coordinadora Interuniversitaria do Programa de Doutoramento.

Sánchez Pedregal, Víctor Manuel (USC), Secretario.

Fernández Rodríguez, Berta (USC), Vogal

Labisbal Viqueira, María Elena (USC), Vogal

Moreda Piñeiro, Antonio (USC), Vogal

Ramil Criado, María (USC), Vogal

Pola UVigo:

Vaz Araújo, Belén (UVigo), Coordinadora Local da UVigo.

Álvarez Rodríguez, Rosana (UVigo), Secretaria da comisión local da UVigo.

Bendicho Hernández, Carlos (UVigo), Vogal

Carballo Rial, Rosa (UVigo), Vogal

Peña Gallego, María de los Ángeles (UVigo), Vogal

Desculpan asistencia:

Freire Iribarne, Félix (USC), Vogal

Ausentes:

Sanmartín Matalobos, Jesús (USC), Vogal

Orde do día.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.
2. Informe de seguimento.
3. Admisións.
4. Segundas prórrogas.
5. Informe da Coordinadora.

DESENVOLVEMENTO DA REUNIÓN.

Convocados pola Coordinadora mediante correo electrónico, comeza a sesión ás 10:00 horas.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

Sométese a aprobación o borrador da acta do 14 de febreiro de 2024, achegado coa documentación da sesión. Non habendo alegacións, apróbase sen cambios.

2. Informe de seguimento.

A partir deste ano, vaise pedir un informe de seguimento interno en cada curso académico. A data prevista é sobre o mes de maio de cada curso. Este é o segundo ano tras a renovación da acreditación.

O borrador do informe achegouse aos membros da comisión por correo-e unha semana antes da reunión. **Acordo:** informe favorable.

3. Admisións.

Son solicitudes de admisión na Universidade de Vigo fóra do prazo ordinario. Hai catro solicitudes, tres delas do mesmo profesor (Anexo I). Presentan xustificantes de que cumpren os requisitos de admisión. Tamén aportan compromiso de titorización de profesores do programa.

Acordo: informe favorable.

4. Segundas prórrogas.

Hai un total de 17 solicitudes: 15 na USC e 2 na UVigo (ver Anexo II). Todas inclúen unha xustificación razoada e a aprobación do perfil autorizado e os directores. Na Universidade de Vigo apróbaas a CAPD local. Na USC, a CAPD emite informe (favorable ou desfavorable), mais é a EDIUS a comisión que as aproba.

Acordo: favorable.

5. Informe da Coordinadora.

- **Elaboración da nova versión da Memoria do Programa de Doutoramento.** Estase traballando na versión para presentala no curso 24/25. Está previsto que proceso comece en novembro de 2024. A necesidade de modificación xurde do Real Decreto e a actualizacións das normativas das EIDO e EDIUS.
- **Novos regulamentos das Universidades participantes e do RD de doctorado.** As primeiras medidas entran en vigor partir de setembro de 2024.

- **Planificación das próximas reunións da CAPD do** Programa de Doutoramento. O prazo de admisión é do 2 ao 9 de setembro. Ademais hai que aprobar as avaliacións anuais. A decisión debe publicarse o 19 de setembro, polo que cómpre convocar a CAPD non máis tarde do 17 de setembro.

Sen máis asuntos que tratar, a presidenta da comisión remata a sesión ás 10:13 horas do 16 de xullo de 2024, da cal estendo esta acta como secretario.

O secretario

Víctor M. Sánchez Pedregal

Visto e prace,

A presidenta da comisión

M^a Rosario Rodil Rodríguez